

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

12913 Orde IET/2199/2012, do 9 de outubro, pola que se deixa sen efecto a convocatoria prevista na disposición adicional segunda da Orde IET/822/2012, do 20 de abril, pola que se regula a asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.

A Orde IET/822/2012, do 20 de abril, pola que se regula a asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes, establece as condicións necesarias para participar nun procedemento de asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo dos citados obxectivos por un período de dous anos, e habilita o secretario de Estado de Enerxía para prorrogar a asignación desas cantidades por outros dous anos adicionais.

A disposición adicional segunda da citada Orde IET/822/2012, do 20 de abril, recolle a convocatoria e o prazo de presentación das solicitudes para participar no procedemento previsto nela.

A citada Orde IET/822/2012, do 20 de abril, ten como obxecto o fomento da industria dos biocarburantes con fins de transporte, incorporando o desenvolvemento dos biocarburantes como elemento substancial na protección do ambiente e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como contribuír á seguridade do fornecemento enerxético.

Unha vez resolta a convocatoria prevista na citada disposición adicional segunda da Orde IET/822/2012, do 20 de abril, só o biodiésel obxecto de asignación será apto para o cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes. Por iso, a aplicación da orde pode ter unha repercusión negativa nos prezos dos combustibles de automoción nun momento, como o presente, en que estes alcanzan máximos históricos.

Atendidas estas circunstancias e co fin de non lles causar dano aos interesados, sen prexuízo da reparación que proceda polos custos de xestión en que incorresen, considérase necesario deixar sen efecto a referida convocatoria.

Por todo o anteriormente exposto, resolvo:

Primeiro.

Renúnciase, deixándoa sen efecto, á convocatoria contida na disposición adicional segunda da Orde IET/822/2012, do 20 de abril, pola que se regula a asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.

Segundo.

Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ou, potestativamente e con carácter previo, recurso administrativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou.

Madrid, 9 de outubro de 2012.—O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, José Manuel Soria López.